

ACTA

Expediente núm.	Órgano colexiado
PLN/2026/5	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria:

Ordinaria

Data:

7 de maio de 2026

Duración:

Desde as 20:38 ata as 22:29

Lugar:

Salón de Plenos do Concello de A Estrada

Presidida por:

GONZALO LOUZAO DONO

Secretaria:

MARIA JESUSA FERNANDEZ BASCUAS

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 05/06/2026

ASISTENCIA Á SESIÓN

Núm. de identificación	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	NON
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	ANA BECEIRO RIVAS (interventora)	NON
[REDACTED]	DIEGO PERNAS FERNÁNDEZ (informático)	SÍ
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	GUMERSINDO VILLAMAYOR MARTÍNEZ	NON

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



	JESSICA RODRÍGUEZ CALVIÑO	SÍ
	JOSE ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
	JOSÉ CONDE TRASANDE	SÍ
	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
	MARIA ANGELES PAIS CARBIA	NON
	MARIA DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
	MARÍA BELÉN LÓPEZ PENA	SÍ
	MIGUEL OSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
	MANUEL MAGARIÑOS MACEIRAS	NON
	OSCAR ALEJANDRO DURAN BARROS	SÍ
	ROMÁN SUÁREZ PORTO	SÍ
	XOÁN REYES VILLAR	SÍ

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día.

A) PARTE RESOLUTIVA

APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 9 DE ABRIL DE 2026

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 9 de abril de 2026, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo dispón o artigo 110.2 do ROF.

Expediente 6535/2025. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE MODIFICACIÓN E RENUMERACIÓN DOS LUGARES DE A PÍA, A PÍCA E MOREIRA VELLA, DA





PARROQUIA DE MOREIRA	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Visto que o Concello da Estrada está a levar a cabo unha corrección da cartografía estatística municipal sobre a que se atopa mal grafado o lugar de A Pía da parroquia de Moreira. A cartografía actual existente no servizo de estadística delimitase erroneamente no lugar de A Pía, situándoa ao Norte da parroquia de Moreira cando a súa localización real é ao suroeste do lugar de Moreira Vella. O erro detectado na localización do lugar de A Pía implica a reconfiguración dos lugares de Moreira Vella e a Pía e a remuneración dos lugares de Moreira Vella, A Pía e A Pica, da mesma parroquia.

Vista a memoria técnica para a numeración dos núcleos de Moreira Vella, A Pía e A Pica da parroquia de Moreira redactada polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. Jorge Couceiro Dorelle, colexiado nº 549 do COETFOGA, de data 9 de outubro de 2025.

Visto o informe do Arquitecto Técnico Municipal, de data 20 de novembro de 2025, no que conclúe que: *"Infórmase favorablemente a Memoria Técnica para a numeración dos núcleos de Moreira Vella, A Pía e A Pica da parroquia de Moreira, redactada polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. Jorge Couceiro Dorelle, colexiado nº 549 do COETFOGA, para seguir co trámite municipal."*

Visto que no artigo 149 do Plan Xeral de Ordenación Municipal deste Concello identifícase a parroquia de Moreira (San Miguel) identificando 9 núcleos, entre eles:

1. Complexos: Vilagude, A Pica, O Outeiro, Vilafruxil, Moreira Nova, A Devesa
2. Común: Sestelo
3. Histórico-tradicionais: Moreira Vella e A Pía

Visto que o art. 147 do PXOM define o solo de núcleo rural como áreas que soportan asentamentos tradicionais diferenciados, delimitadas segundo edificacións existentes, densidade, consolidación e tipoloxía histórico-tradicional.

Visto que da lectura dos plano de ordenación dos núcleos de A Pica, de Moreira Vella e de A Pía, e da ficha de ditos núcleos, obtense que:

- A Pica (24.02): núcleo complexo con 53.711 m² histórico-tradicional e 29.631 m² común; 20 construcións principais, 37 adxetivas, 23 parcelas edificadas e 34 edificables.
- Moreira Vella (24.06): histórico-tradicional con 30.428 m²; 14 construcións principais, 38 adxetivas, 14 parcelas edificadas e 19 edificables.
- A Pía (24.08): histórico-tradicional con 5.312 m²; 3 construcións principais, 4

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: T55KQ7EFH6NJA65SH23CT4KEX
Corrección: <https://estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 24





adxetivas, 2 parcelas edificadas e 3 edificables.

Visto que os planos que obran na memoria corrixen o erro advertido no departamento e a numeración das vivendas axústase ao disposto na Resolución de 29 de abril de 2020, de la Subsecretaría, por la que se publica la Resolución de 17 de febreiro de 2020, da Presidencia do Instituto Nacional de Estadística e da Dirección General de Cooperación Autonómica e Local, pola que se ditan instrucións técnicas aos Concellos sobre a xestión do Padrón municipal.

Visto o informe técnico sobre as alegacións a numeración nos núcleo de Moreira Vella, A Pía e A Pica da parroquia de Moreira (San Miguel), concello da Estrada de data 17 de marzo de 2026.

Visto o informe de Secretaría de data 17 de abril de 2026.

Vista a proposta de resolución PR/2026/694 de 23 de abril de 2026, emitida pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o Ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, na sesión ordinaria celebrada o 29 de abril de 2026.

Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Aprobar a memoria técnica elaborada polo Enxeñeiro Técnico Forestal D. Jorge Couceiro Dorelle, colexiado nº 549 do COETFOGA, de data 9 de outubro de 2025, procedendo á corrección cartográfica e da renumeración dos lugares de Moreira Vella, A Pía e A Pica, da parroquia de Moreira, así como a documentación gráfica correspondente.

Segundo.- Proceder á actualización da cartografía municipal de estatística e da base de datos do padrón municipal, co obxecto de que os datos contidos no mesmo concorden coa realidade territorial existente.

Terceiro.- Dar traslado deste acordo a todos os veciños afectados e ao Instituto Nacional de Estadística, de conformidade co establecido na Resolución do 29 de abril de 2020, da Subsecretaría, pola que se publican as instrucións técnicas aos concellos sobre a xestión do padrón municipal.

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: T55KQ7EFH6NJA65SH23CT4KEX
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 24





Expediente 1266/2026. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E AXENDA URBANA, EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DA REVERSIÓN, DENDE A XUNTA DE GALICIA, DO TERREO SITO NA AVDA BENITO VIGO Nº 51

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Visto o acordo adoptado polo Concello Pleno en sesión celebrada o día 12 de abril de 1996, mediante o que se cedía á Subdirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia o terreo sito na Avda. Benito Vigo, 51, así como o edificio construído sobre o mesmo, aos efectos de ser destinado ao Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 deste Concello.

Vista a Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública pola que se autoriza a reversión da parcela e da edificación na que se atopa do Xulgado de Primera Instancia e Instrución nº 1 da Estrada a favor do Concello da Estrada.

Visto o informe do Arquitecto municipal de data 17 de abril de 2026.

Visto o informe da Secretaria municipal de data 22 de abril de 2026.

Vista a proposta de resolución PR/2026/704 de 24 de abril de 2026, emitida pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o Ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Urbanismo e Axenda Urbana con data 29 de abril de 2026.

Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Aprobar a reversión, dende a Xunta de Galicia, dos terreos que se describen a continuación:

"Terreo sito na Avenida Benito Vigo, 51 da Vila da Estrada, de 167,21 m2.

Lindeiros:

- Norte ou fondo en liña de 10 m. a Albino Chao Coto.*
- Sur ou fronte en liña de 10,10 m., Avenida Benito Vigo*
- Leste ou esquerda: propiedade municipal, hoxe Administración de Facenda.*

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: T55KQ7EFH6NJA65SH23CT4KEX
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 24





- Oeste ou dereita: Benito Porto Rosende e casa de Albino Chao.

Inscrita no Rexistro da Propiedade da Estrada como finca 57129, ao tomo 524, libro 415, folio 40.

Sobre esta parcela construíuse unha edificación con uso Xulgado de 1ª Instancia e Instrución nº 1 construído con licenza de obra nº 131/94 do 28 de xuño, que consta de:

- Planta baixa cunha superficie construída de 155,92 m², e útil de 154,43 m².
- Planta primeira cunha superficie construída de 170,68 m² e útil de 148,28 m².
- Planta baixo-cuberta cunha superficie construída de 162,37 m² e útil de 141,17 m².
- Planta trasteiro cunha superficie construída de 60,07 m² e útil de 54,18 m², segundo proxecto redactado polo Arquitecto D. Carlos Arrojo Lois, segundo inscrición leira rexistral 57129, que obra ao folio 221, Libro 480 de A Estrada, Tomo 594."

Segundo.- Aprobar a recepción dos terreos segundo a Orde da Consellería de Facenda e Administración Pública pola que se autoriza a reversión da parcela e da edificación na que se atopa do Xulgado de Primeira Instancia e Instrución nº 1 da Estrada a favor do Concello da Estrada.

Terceiro.- Facultar ao Sr. Alcalde para a sinatura de cantos documentos sexan precisos para facer efectiva a reversión indicada.

Expediente 1309/2026. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO E AXENDA URBANA, EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE POLA QUE PROPÓN A CREACIÓN DUN ESPAZO DE ENCONTRO INTERXERACIONAL

Desfavorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 6, En contra: 11, Abstencións: 0, Ausentes: 0

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Vista a moción presentada con data 4 de marzo de 2026 (rexistro de entrada 2026-ERCIU-1) polo grupo municipal do PsdeG-PSOE, pola que propón a creación dun espazo de encontro interxeracional, a cal se transcribe literalmente de seguido:

"A Estrada, rica na súa diversidade de idades, necesita unha iniciativa que fomente a conexión e comprensión mutua entre xeracións. A creación dun espazo de encontro interxeracional busca abordar esta necesidade, proporcionando un ambiente inclusivo e enriquecedor para mozos/as e maiores.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: T55KQ7EFH6NJA65SH23CT4KEX
Corrección: https://aestrada.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 24





Este Grupo Municipal Socialista reconece a importancia de fomentar o diálogo e a colaboración entre xeracións. Un espazo de encontro serviría como punto de converxencia, onde as historias de vida e os coñecementos de maiores se entrelazarán coa enerxía e perspectivas innovadoras da mocidade.

Crear un ambiente propicio para o desenvolvemento integral de todas as idades é esencial. O espazo podería ofrecer oportunidades de aprendizaxe continuada, promovendo habilidades sociais, culturais e deportivas que enriquecerán as vidas dos seus participantes e, por extensión, a nosa veciñanza en xeral.

Con este Centro buscamos reforzar a cohesión comunitaria mediante a construción dunha identidade compartida, un refuxio onde se forxarán lazos significativos, creando un sentimento de pertenza que consolida a nosa identidade como estradenses.

Este espazo tamén pretende ser un antídoto contra a soidade e o illamento, proporcionando un ambiente acoledor e accesible onde todos os membros se sintan benvidos e conectados.

Aspiramos a que Estrada sexa recoñecida como un referente en boas prácticas de integración interxeracional. A través deste espazo, demostraremos o compromiso coa construción dunha veciñanza inclusiva, activa e cohesionada.

A creación deste espazo de encontro interxeracional para o noso Grupo Municipal considérase un paso clave para asegurar que A Estrada continúe a ser un lugar onde cada xeración contribúa ao benestar común. Ao fomentar a inclusión e a colaboración, sentamos as bases para un futuro máis harmonioso e enriquecedor para todos e todas.

Considerando a importancia de reforzar os lazos comunitarios e promover a integración interxeracional en A Estrada, este Grupo Municipal Socialista presenta a seguinte moción para a creación dun espazo de encontro destinado a actividades para maiores e mozos/as.

Débese ter en conta que a instalación baleira do Xulgado Nº1 pode pasar a patrimonio municipal de forma gratuíta de acordo co art. 35 da Lei 6/2023, do 2 de novembro, de Patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia.

Esta é unha oportunidade patrimonial única de incorporar un edificio ao demanio municipal outorgándolle un uso que responda a unha das necesidades actuais dos veciños e veciñas da Estrada, a necesidade de espazos onde se faga comunidade.

Polo exposto,

O Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación polo Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1. Identificar unha localización céntrica e de fácil acceso na Estrada que promova a participación activa de todas as xeracións. Avaliando a posibilidade de utilizar

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: T55KQ7EFH6NJA65SH23CT4KEX
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 24





instalacións existentes coma os antigos Xulgados ou considerar a construción dun novo espazo que cumpra cos requisitos necesarios.

2. Garantir que o espazo sexa deseñado para ser accesible a todas as persoas, independentemente da súa idade ou da súa capacidade física.

3. Desenvolver un programa diversificado que inclúa actividades culturais, deportivas, educativas e recreativas adaptadas ás diferentes necesidades e intereses de cada grupo de idade.

4. Establecer alianzas coas organizacións locais, institucións educativas e grupos comunitarios para enriquecer a oferta de actividades e fomentar a participación activa de voluntarias e voluntarios de diferentes idades na planificación, organización e execución de eventos.

5. Asignar un orzamento adecuado para a construción, mantemento, xestión e promoción efectiva deste espazo.”

Visto o Ditame desfavorable adoptado pola Comisión Informativa de Urbanismo e Axenda Urbana, adoptado na sesión ordinaria celebrada o 29 de abril de 2026.

Visto o debatido nesta sesión.

RESOLUCIÓN:

A moción é rexeitada polos votos en contra do grupo do Partido Popular e a favor dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MÓVETE).

Expediente 2053/2026. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO EXCMO. CONCELLO DA ESTRADA.	
Favorable	Tipo de votación: Ordinaria
	A favor: 11, En contra: 0, Abstencións: 6, Ausentes: 0

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Vista a necesidade de sistematizar procedementos, usos e Costumbres tradicionais que o Concello da Estrada ven realizando, nalgúns casos, desde tempo inmemorial, e tamén a de incorporar outras cuestións non reguladas.

Visto que o Concello da Estrada non dispón do citado Regulamento.

Vista a Providencia da Alcaldía de data 17 de abril de 2026.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: T55KQ7EFH6NJA65SH23CT4KEX
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 24





Visto o Informe de Secretaría emitido o 17 de abril de 2026.

Realizada a tramitación legalmente establecida.

Vista a proposta de resolución PR/2026/677 de 21 de abril de 2026, emitida pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o Ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, na sesión ordinaria celebrada o 29 de abril de 2026.

Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado polos votos a favor do grupo do Partido Popular e as abstencións dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE), o seguinte **ACORDO**:

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Aprobar inicialmente o Regulamento de Honras e Distincións do Excmo. Concello da Estrada nos termos en que figura no expediente, coa redacción que a continuación se recolle:

«REGULAMENTO DE HONRAS E DISTINCIÓNS DO EXCMO.

CONCELLO DA ESTRADA

O Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado polo Real decreto 2568/1986 do 28 de novembro, dedica parte do título VI, artigos 186 a 190, a regular as honras e distincións das entidades locais. Así, o artigo 189 sinala que as corporacións locais poderán acordar a creación de medallas, emblemas, distincións ou outros distintivos honoríficos, co fin de premiar especiais merecementos, beneficios sinalados ou servizos extraordinarios, así como acordar nomeamentos de fillos/as predilectos/as e adoptivos/as e de membros honorarios da Corporación, atendidos os méritos, calidades e circunstancias singulares que concorran nas persoas galardoadas.

Por todo isto, é manifesta a necesidade do Concello da Estrada, en virtude da súa potestade de autoorganización, de aprobar un Regulamento para a concesión de distincións.

TÍTULO PRELIMINAR: OBXECTO

Artigo 1. Obxecto

Este Regulamento ten por obxecto a regulación de réxime xurídico das honras e distincións co que o Excmo. Concello da Estrada concederá o recoñecemento deste

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: T55KQ7EFH6NJA65SH23CT4KEX
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 24

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





municipio ás persoas ou institucións por razón dos seus merecementos excepcionais, beneficios sinalados, servizos destacados, traballos valiosos en calquera aspecto profesional, social, científico, artístico, deportivo, económico, cultural, político... que tivera repercutido extraordinariamente en beneficio da cidadanía da Estrada.

TÍTULO I: HONRAS E DISTINCIÓNS

CAPÍTULO I: DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 2.- Principios xenerais

Para a concesión de calquera das honras e distincións deste Regulamento, o Excmo. concello da Estrada terá en conta, ademais, das normas establecidas neste, os principios de igualdade, publicidade, transparencia, obxectividade, proporcionalidade e excepcionalidade.

Artigo 3.- Clasificación

1. Os títulos, honras e distincións que poderá conferir o Concello da Estrada, incluso con carácter póstumo, para premiar especiais merecementos ou servizos extraordinarios, serán as seguintes:

- a) Medalla do Concello da Estrada*
- b) Título de Fillo/a predilecto/a e fillo/a adoptivo/a*
- c) Salmón de Ouro*
- d) Título de Ilustre visitante*
- e) Méritos ao persoal traballador*
- f) Cronista oficial da Estrada*

2. Poderanse distinguir de forma honorífica a persoas, institucións ou entidades dando o seu nome a vías municipais, establecementos, centros ou instalacións do Concello da Estrada. A distinción tamén se poderá materializar mediante a instalación dunha placa. No caso de establecementos, centros ou instalacións do Concello da Estrada, procurarase que estean relacionados coa actividade desenvolvida polas persoas ou institucións obxecto de distinción.

3. A concesión de títulos, honras e distincións recoñecerán méritos extraordinarios que concorran en personalidades, entidades ou corporacións, por terlle prestado servizos ao municipio, dispensado honras ou producido beneficios sociais, culturais, turísticos, cidadáns, artísticos, musicais, deportivos, empresariais, científicos ou similares.

Artigo 4. Carácter dos títulos, honras e distincións

1. Os anteriores títulos, honras e distincións teñen carácter exclusivamente honorífico

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: T55KQ7EFH6NJA65SH23CT4KEX
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 24





polo que non xerarán dereito administrativo, nin implicarán o dereito a ningunha indemnización nin terán efecto económico.

2. As persoas titulares das distincións de medalla do Concello da Estrada, fillo/a predilecto/a, fillo/a adoptiva e de cronista oficial do Excmo. Concello da Estrada disporán dun lugar reservado nos actos oficiais aos que sexan convidados, ocuparán a preferencia a que teñan dereito. Todo isto sen prexuízo doutros tratamentos que puidesen corresponderlles. Así mesmo as Entidades galardoadas poderán exhibilas nas súas sedes correspondentes.

3. Todas as honras e distincións terán carácter permanente sempre que non haxa unha revogación destes, no marco dun sistema democrático, tal e como se contempla no presente Regulamento.

Artigo 5. Revogación

1. Os títulos, honras e distincións poderán ser revogados se os/as titulares realizan actos ou manifestacións contrarias aos motivos que xustificaron a súa concesión ou que de existiren no momento do outorgamento non o permitirían.

2. A revogación será acordada polo mesmo órgano que concedeu a honra, coa mesma maioría prevista para o nomeamento, logo da tramitación do correspondente expediente e de dar audiencia á persoa interesada ou ás que a sucedan.

Artigo 6.- Extinción

1. As honras e distincións previstas neste Regulamento extinguíranse por calquera das causas que se indican seguidamente:

a) Renuncia da persoa galardoada.

b) Revogación da concesión.

2. A renuncia da persoa galardoada pode facerse por calquera medio que permita mostrar, de maneira fidedigna e inequívoca, a súa vontade.

CAPÍTULO II. CLASIFICACIÓN E REQUISAITOS DAS DISTINCIÓNS.

Artigo 7. Medalla do Concello da Estrada

1. A concesión da medalla do Concello da Estrada outorgaráselles a aquelas persoas físicas ou entidades públicas ou privadas que destaquen polos seus merecementos e a súa traxectoria no sector turístico, cultural, veciñal, artístico, musical, deportivo, empresarial, social, científico ou similares.

2. A aprobación da concesión desta distinción requirirá acordo plenario adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.





3. Esta distinción correspóndese coa imposición dunha medalla co escudo do Concello da Estrada e coa entrega dun diploma artístico co escudo da Estrada, cunha breve mención dos merecementos e entregárase nun acto solemne, procurando que coincida coa data das Festas Patronais

Artigo 8. Título de fillo ou filla predilecto

1. O título de fillo ou filla predilecto/a da Estrada distingue persoas, nadas na Estrada cuxa traxectoria vital discorra maiormente no municipio, que destacasen polos seus méritos ou calidades persoais, especialmente nos ámbitos cultural, científico, social, artístico, deportivo, político ou económico, ou por servizos prestados en beneficio da cidade.

2. A aprobación da concesión desta distinción requirirá acordo plenario adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

3. Esta distinción correspóndese coa entrega dun pin de solapa co escudo do Concello da Estrada e un diploma artístico co escudo da Estrada no que constará unha breve mención dos merecementos.

Artigo 9. Título de fillo ou filla adoptiva

1. O título de fillo ou filla adoptivo/a da Estrada poderá outorgarse ás persoas que, sen naceren no municipio, manteñan vínculos persoais con el e que destacasen polos seus méritos ou calidades persoais, especialmente nos ámbitos cultural, científico, social, artístico, deportivo, político ou económico, ou por servizos prestados en beneficio do Concello.

2. A aprobación da concesión desta distinción requirirá acordo plenario adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

3. Esta distincións correspóndese coa entrega dun pin de solapa co escudo do Concello da Estrada e un diploma artístico co escudo da Estrada no que constará unha breve mención dos merecementos.

Artigo 10. Salmón de Ouro

1. O Salmón de Ouro poderáselle outorgar a aquelas persoas físicas ou entidades públicas ou privadas nas que concorra un mérito ou méritos verdadeiramente singulares, nos eidos turístico, cultural, veciñal, artístico, musical, deportivo, empresarial, social, científico ou similares a prol do Concello da Estrada.

2. A concesión desta distinción realizarase mediante decreto de Alcaldía, sen necesidade de expediente previo.

3. Esta distinción correspóndese coa entrega dun pin de solapa coa forma de salmón e un diploma artístico co escudo da Estrada no que constará unha breve mención dos





merecementos.

Artigo 11. Título de ilustre visitante

- 1. O título de ilustre visitante da Estrada poderá concedérselles a aqueles persoeiros de especial relevancia que visiten o Concello da Estrada e sexan recibidos oficialmente polo Concello.*
- 2. O outorgamento desta distinción realizarase mediante decreto de Alcaldía, sen necesidade de expediente previo.*
- 3. Esta distinción correspóndese coa entrega dun pin de solapa co escudo do Concello da Estrada e un diploma artístico co escudo da Estrada no que constará unha breve mención dos merecementos.*

Artigo 12. Méritos ao persoal traballador do Concello da Estrada

- 1. O mérito aos traballadores ou traballadoras municipais será outorgado a aquel persoal traballador que se xubile ou cumpra 25 anos de servizo ao Concello no ano en curso.*
- 2. O outorgamento desta distinción realizarase mediante decreto de Alcaldía, sen necesidade de expediente previo.*
- 3. Esta distinción correspóndese coa imposición dun pin de solapa co escudo do Concello da Estrada e levarase a cabo nun acto solemne, procurando que coincida coas últimas datas do ano, cando se celebre o brinde de Nadal.*

Artigo 13. Cronista oficial da Estrada

- 1. O título de cronista oficial da Estrada poderá concedérselles a aquelas persoas físicas que acreditan un profundo coñecemento do pasado histórico da Estrada mediante publicacións científicas e actividades culturais relevantes.*
- 2. A proposta de iniciación do expediente deberá acompañarse dunha memoria na que se especifiquen os méritos que concorran na persoa que se propón, xunto cunha recensión biográfica e bibliográfica.*
- 3. O expediente será informado polo persoal técnico do departamento de cultura.*
- 4. A aprobación da concesión desta distinción requirirá acordo plenario adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.*
- 5. Esta distinción correspóndese coa imposición dun pin de solapa co escudo do Concello da Estrada e un diploma artístico co escudo da Estrada no que constará unha breve mención dos merecementos, e levarase a cabo nun acto solemne, procurando que coincida coa data das festas patronais.*

Artigo 14. Dedicación/denominación de lugares públicos da Estrada

- 1. Correspóndelle ao Pleno da Corporación, por maioría absoluta do número legal dos*

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: T55KQ7EFH6NJA65SH23CT4KEX
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 24





seus membros a proposta da Alcaldía, outorgar a vías municipais ou a establecementos, centros ou instalacións do Concello da Estrada o nome de persoas físicas, organismos, institucións e entidades que, a xuízo da Corporación, reúnan méritos suficientes, sexa por servizos e actividades especiais realizados a favor da cidade no caso de organismos, institucións e entidades, ou pola súa relevancia indiscutible no ámbito científico, cultural, artístico, deportivo, social etc., no caso de persoas físicas.

2. En casos puntuais, e para evitar prexuízos de indefinición transitoria aos/as residentes das vías municipais incluídas neste suposto, poderá empregarse ata que se denominen definitivamente a identificación alfanumérica.

3. Garantirase a equidade de xénero na denominación das vías municipais e dos establecementos, centros ou instalacións do Concello da Estrada outorgadas a persoas físicas, conforme ao disposto na normativa correspondente.

4. As denominacións con nomes comúns correspóndelle ao Pleno e darase preferencia ao uso da toponimia e microtoponimia local entre as propostas de denominación de lugares públicos como mostra do apoio á conservación e posta en valor do seu patrimonio material e inmaterial.

CAPÍTULO III. PROCEDEMENTO PARA A CONCESIÓN DE TÍTULOS, HONRAS E DISTINCIÓS.

Artigo 15.- Expediente de concesión

Para a concesión de calquera das honras e distincións previstas neste Regulamento será necesaria a instrución do correspondente expediente a fin de determinar e constatar os méritos e circunstancias que as xustifiquen.

Artigo 16. Iniciación e tramitación

1. A concesión da medalla do Concello da Estrada, dos títulos de fillo/a predilecto/a, fillo/a adoptivo/a, cronista oficial do Concello da Estrada, así como a denominación de vías ou de establecementos, centros e instalacións municipais, a instalación de placas ou elementos análogos, e os irmandamentos con outros concellos ou cidades a que se refire este regulamento, requirirá a instrución previa do oportuno expediente que servirá para determinar os méritos ou circunstancias que aconsellen a concesión e rexerese por este regulamento, con aplicación supletoria do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (R.D. 2568/1986, do 28 de novembro) ou a disposición que se é o caso o substitúa.

2. Calquera persoa, entidade ou asociación poderá facer propostas mediante escrito presentado no Rexistro Xeral do Concello ou a través da sede electrónica, dirixido ao/a alcalde ou alcaldesa.





3. Os anteditos procedementos iniciaranse mediante decreto da Alcaldía, ou por requirimento dunha terceira parte dos membros que integran a Corporación, para a concesión da medalla da Estrada e dos títulos de fillo/a predilecto/a, fillo/ adoptivo/a, cronista oficial da Estrada, así como para as propostas de denominación de espazos públicos e irmandamentos.

CAPÍTULO IV. LOITO OFICIAL NO CONCELLO DA ESTRADA.

Artigo 20. O loito oficial

1. O alcalde ou alcaldesa poderá acordar mediante decreto da alcaldía a declaración de loito oficial cando circunstancias ou feitos de especial transcendencia así o requiran.
2. No decreto da alcaldía incluíranse todas e cada unha das accións que se vaian desenvolver en sinal de respecto e condolencia.
3. A declaración de loito oficial comportará que as bandeiras ondeen a media hasta nos edificios municipais do concello da Estrada durante os días que teñan declarado de loito.
4. Nos casos en que a declaración de loito oficial veña acordada por outras institucións ou administracións públicas de ámbito internacional, comunitario, estatal ou autonómico, estarase ao preceptuado pola correspondente declaración.

CAPÍTULO V. INMANDAMENTO

Artigo 21. Obxecto, requisitos e procedemento

1. O Concello da Estrada poderá decidir o irmandamento con outros concellos, cidades ou localidades co fin de desenvolver vínculos de amizade. É o nivel máis elevado que pode alcanzar a cooperación con outras cidades ou colectividades análogas. Estará baseado na existencia de valores compartidos, vínculos históricos, culturais, lingüísticos, económicos e similares capaces de xerar unha relación permanente entre elas.
2. Os irmandamentos poderán celebrarse con cidades españolas, europeas ou de calquera outro estado recoñecido por España. Non se celebrarán con cidades que pertencen a estados cuxos sistemas políticos non respecten os principios de democracia e os dereitos humanos ou nos que se practique calquera tipo de discriminación incompatible cos valores democráticos, salvo que o seu obxecto específico e preferente de superar esa situación e apoiar a recuperación das liberdades estea debidamente xustificado no expediente.
3. Os obxectivos perseguidos poderán ser:

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: T55KQ7EFH6NJA65SH23CT4KEX
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 24





a) Favorecer a creación de sentimentos de proximidade entre a cidadanía, promovendo o mantemento de relacións pacíficas entre os pobos, a resolución de conflitos pola vía do diálogo, a cooperación e o dereito, a tolerancia entre as diversas culturas e civilizacións e, en xeral, os valores establecidos na Carta das Nacións Unidas.

b) Fomentar a aproximación da poboación, o incremento do turismo, os intercambios educativos, tecnolóxicos e culturais, e a solidariedade coas situacións de crise ou necesidade.

c) Estimular a realización de proxectos que supoñan o intercambio de coñecementos, tecnoloxías, arte e cultura.

d) Crear redes de cooperación coas cidades irmandadas para o desenvolvemento de boas prácticas, o intercambio de experiencias e a análise e proposta de solucións en temas concretos de interese común.

e) En xeral, calquera outro obxectivo de interese común que contribúa ao establecemento de vínculos de amizade e colaboración para fins pacíficos e de superación dos obstáculos ao respecto e á tolerancia das diferenzas entre os pobos, culturas ou civilizacións.

4. Iniciarase o procedemento de acordo co artigo 11 deste regulamento. Do mesmo xeito, a proposta poderá proceder da cidade que pretende o irmandamento coa Estrada.

5. O expediente será instruído pola Secretaría municipal, para o que se redactará un informe sobre os vínculos existentes, os obxectivos e as posibilidades de financiamento dos gastos. Terá que quedar reflectida a conformidade do órgano de goberno da cidade coa que se pretende celebrar o irmandamento. A adopción do acordo de irmandamento requirirá para a súa aprobación acordo adoptado pola maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

6. Salvo que se trate dunha cidade española, a intención de celebrar o irmandamento comunicarse ao Ministerio competente en materia de administracións públicas e ao Ministerio de Asuntos Exteriores para os efectos oportunos.

7. Cumpridos os requisitos anteriores, procederase de xeito conxunto á redacción dun proxecto de protocolo de irmandamento.

8. O protocolo de irmandamento conterá, ademais das mencións xerais de lugar, data, persoas que interveñen e carácter co que actúan, as finalidades e obxectivos que se pretenden alcanzar.

CAPÍTULO VI. LIBROS DE TÍTULOS, HONRAS E DISTINCIÓNS.

Artigo 15. Rexistro





- 1. A Secretaría Xeral do Concello da Estrada establecerá e manterá un rexistro permanente de todos os títulos, honras e distincións outorgadas, consignando en seccións separadas para cada unha delas e por orde cronolóxica, os acordos de concesión, datas, titulares, motivos do outorgamento, lugar e acto en que tivo lugar a imposición, e, en xeral, cantos datos sexan de utilidade.*
- 2. Os irmandamentos anotaranse nun capítulo especial do Libro de títulos, honras e distincións.*
- 3. No "Libro de Honra" recolleranse as sinaturas e, no seu caso, dedicatorias das persoas de destacada importancia que visiten o noso Concello.*
- 4. Concederáselles a honra de figurar neste Libro, á parte das personalidades aludidas, aos membros da Corporación actual así como aos de cada renovación que se vaia producindo.*

DISPOSICIÓN ADICIONAL PRIMEIRA

Mantéñense vixentes a todos os efectos os títulos, honras e distincións outorgados polo Concello con anterioridade á entrada en vigor deste regulamento que se farán constar no correspondente libro.

DISPOSICIÓN ADICIONAL SEGUNDA.

O presente regulamento permanecerá vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

DISPOSICIÓN FINAL

O presente regulamento entrará en vigor tras a súa aprobación definitiva, unha vez publicado integramente no BOP e transcorrido o prazo a que se refire o artigo 65.2 da Lei 7/1985, de 2 abril, reguladora das bases do réxime local."

Segundo.- Someter dito REGULAMENTO a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días hábiles para que poidan examinar o expediente e presentar reclamacións ou suxestións que estimen oportunas, que serán resoltas pola Corporación.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno.

Simultaneamente, publicar o texto da modificación da Ordenanza municipal no portal

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: T55KQ7EFH6NJA65SH23CT4KEX
Corrección: <https://estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 24





web do Concello [<http://www.aestrada.gal>] co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

Terceiro.- Facultar ao Alcalde-Presidente para subscribir e asinar toda clase de documentos relacionados con este asunto.

Expediente 2234/2026. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS, EN RELACIÓN COA MOCIÓN DO GRUPO DO PSdeG-PSOE POLA QUE PROPÓN A POSTA EN MARCHA DUN SISTEMA DE TRANSPORTE BAIXO DEMANDA ORIENTADO Á POBOACIÓN MAIOR DO RURAL	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Vista a moción presentada con data 17 de abril de 2026 (registro de entrada 2026-E-RCIR-1) polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, pola que propón a posta en marcha dun sistema de transporte baixo demanda orientado á poboación maior do rural, a cal se transcribe literalmente de seguido:

"O Concello da Estrada caracterízase por unha ampla dispersión territorial e por unha estrutura de poboación marcadamente envellecida, especialmente nas parroquias do rural. Esta realidade fai que unha parte significativa da poboación maior dependa do vehículo privado ou da axuda de terceiros para realizar desprazamentos cotiáns, incrementando o risco de illamento social e dificultando o acceso a servizos básicos, sanitarios, sociais e culturais.

A ausencia de alternativas de transporte público adaptadas ao medio rural limita a autonomía persoal das persoas maiores e a súa participación activa na vida comunitaria. Esta situación provoca desigualdades territoriais e afecta directamente á calidade de vida dun segmento da poboación que require políticas públicas específicas e sensibles á súa realidade.

A implantación de sistemas convencionais de transporte regular resulta pouco viable debido á dispersión da poboación. Porén, o transporte baixo demanda preséntase como unha solución eficaz, flexible e sostible, ao permitir adaptar os desprazamentos ás necesidades reais das persoas usuarias e optimizar os recursos existentes.

Neste contexto, resulta especialmente relevante facilitar o acceso da poboación maior non só a servizos esenciais, senón tamén a actividades sociais e culturais que favorezan

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: T55KQ7EFH6NJA65SH23CT4KEX
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 24





o envellecemento activo e a loita contra o illamento, como é o caso da programación de cine dirixido ás persoas maiores os mércores pola tarde, unha iniciativa de carácter social que, sen transporte adaptado, resulta inaccesible para moitas persoas residentes no rural.

A posta en marcha dun sistema de transporte baixo demanda permitiría garantir a participación da poboación maior nestas actividades, reforzando a cohesión social, a igualdade de oportunidades e un modelo de mobilidade máis inclusivo e sostible.

Por todo o exposto, este Grupo Municipal Socialista que subscribe presenta ao Pleno da Corporación a seguinte:

O Grupo Municipal Socialista presenta para a súa aprobación polo Pleno, a adopción dos seguintes acordos:

1.- Instar ao goberno municipal do Concello da Estrada a impulsar a posta en marcha dun sistema de transporte baixo demanda orientado prioritariamente á poboación maior residente nas parroquias do rural.

2. Elaborar un estudo previo de necesidades, en colaboración coas asociacións veciñais e entidades sociais, empresas de transporte e taxistas que permita identificar:

- As parroquias con maior demanda potencial.*
- Os principais destinos prioritarios, incluíndo centros de saúde, farmacias, supermercados, centros de día e espazos culturais.*
- As franxas horarias máis axeitadas, tendo en conta actividades programadas de carácter social e cultural.*

3. Integrar expresamente neste sistema de transporte o acceso á programación de cine para persoas maiores os mércores pola tarde, garantindo o desprazamento desde as parroquias do rural ata o espazo de proxección e o posterior retorno aos seus lugares de residencia.

4. Establecer un modelo de xestión do servizo baseado na colaboración cos profesionais do sector do taxi e os empresarios de transporte do municipio, asegurando unha prestación eficaz, próxima e socialmente rendible.

5. Habilitar un sistema de solicitude sinxelo e accesible, especialmente adaptado ás persoas maiores, preferentemente mediante atención telefónica e apoio desde os servizos municipais.

6. Explorar vías de financiamento autonómico, estatal ou europeo que permitan garantir a viabilidade económica do servizo e a súa continuidade no tempo.

7. Avaliar periodicamente o funcionamento do sistema, prestando especial atención ao seu impacto na redución do illamento social e na participación da poboación maior nas





actividades sociais e culturais.”

Visto o Ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, na sesión celebrada o 29 de abril de 2026.

Deliberado sobre o particular, sométese a moción a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Impulsar a posta en marcha dun sistema de transporte baixo demanda orientado prioritariamente á poboación maior residente nas parroquias do rural.

Segundo.- Elaborar un estudo previo de necesidades, en colaboración coas asociacións veciñais e entidades sociais, empresas de transporte e taxistas que permita identificar:

- As parroquias con maior demanda potencial.
- Os principais destinos prioritarios, incluíndo centros de saúde, farmacias, supermercados, centros de día e espazos culturais.
- As franxas horarias máis axeitadas, tendo en conta actividades programadas de carácter social e cultural.

Terceiro.- Integrar expresamente neste sistema de transporte o acceso á programación de cine para persoas maiores os mércores pola tarde, garantindo o desprazamento desde as parroquias do rural ata o espazo de proxección e o posterior retorno aos seus lugares de residencia.

Cuarto.- Establecer un modelo de xestión do servizo baseado na colaboración cos profesionais do sector do taxi e os empresarios de transporte do municipio, asegurando unha prestación eficaz, próxima e socialmente rendible.

Quinto.- Habilitar un sistema de solicitude sinxelo e accesible, especialmente adaptado ás persoas maiores, preferentemente mediante atención telefónica e apoio desde os servizos municipais.

Sexto.- Explorar vías de financiamento autonómico, estatal ou europeo que permitan garantir a viabilidade económica do servizo e a súa continuidade no tempo.

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: T55KQ7EFH6NJA65SH23CT4KEX
Corrección: <https://estrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 24





Sétimo.- Avaliar periodicamente o funcionamento do sistema, prestando especial atención ao seu impacto na redución do illamento social e na participación da poboación maior nas actividades sociais e culturais.

Expediente 2402/2026. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE FACENDA E ESPECIAL DE CONTAS, EN RELACIÓN COA PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 1/A/2026 (MODIFICACIÓN Nº 15/2026) FINANCIADO MEDIANTE OPERACIÓN DE PRÉSTAMO A LONGO PRAZO, DESTINADO Á APORTACIÓN MUNICIPAL AOS PROXECTOS EUROPEOS EDIL.	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

FEITOS E FUNDAMENTOS DE DEREITO:

Incoado, previa Providencia da Alcaldía de 24 de marzo de 2026, o expediente de suplemento de crédito número 1/A/2026 financiado mediante unha operación de crédito a longo prazo, ante a urxente e inaprazable necesidade, segundo se xustifica na Memoria de 24 de marzo de 2026, de facer fronte á aportación municipal aos investimentos previstos no Plan de Actuación Integrado do Concello da Estrada, que recolle 3 actuacións:

- Creación dun centro de servizos sociais do século XXI.
- Rehabilitación do actual edificio do Conservatorio de Música municipal para o impulso da educación e a cultura na Estrada.
- Mellora das infraestruturas rurais para a conexión do urbano e o rural.

Logo de ver que o expediente ten carácter urxente e non pode demorarse até o exercicio seguinte, aos efectos de poder iniciar os correspondentes expedientes de contratación das actuacións antes enumeradas, para cumprir as porcentaxes de xustificación e selección a 31 de marzo de 2027, e non correr o risco que a senda financeira do Concello da Estrada sexa reprogramada á baixa.

Visto o certificado de insuficiencia de crédito, emitido o 24 de abril de 2026 pola Intervención municipal.

Visto o informe sobre a estabilidade de suplemento de crédito, asinado o 24 de abril de 2026 pola interventora municipal.

Vista a proposta de resolución PR/2026/711 de 24 de abril de 2026, emitida pola Alcaldía-Presidencia.

Visto o disposto no artigo 177 do TRLRFL aprobado polo R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo; no artigo 35 do RD 500/1990, de 20 de Abril.

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: T55KQ7EFH6NJA65SH23CT4KEX
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 21 a 24





Visto o ditame favorable adoptado pola Comisión Informativa de Facenda e Especial de Contas, na sesión ordinaria celebrada o 29 de abril de 2026.

Deliberado sobre o particular, sométese a proposta a votación, sendo adoptado, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

RESOLUCIÓN:

Primeiro.- Aprobar o expediente de suplemento de crédito número 1/A/2026 correspondnete á modificación orzamentaria número 15/2026 financiado mediante a concertación dunha operación de crédito a longo prazo, de acordo co seguinte detalle:

ORZAMENTO DE GASTOS:

Aplicación do orzamento de gastos que se dota de suplemento de crédito: 150.637.00.

Descrición : "APORTACIÓN MUNICIPAL PROXECTOS FONDOS EUROPEOS"

Importe: 2.000.000,00 €

ORZAMENTO DE INGRESOS:

Concepto de ingresos: 913.02

Recurso financeiro: Operación de crédito a longo prazo.

Importe: 2.000.000,00 €

Segundo.- Someter o presente expediente de modificación de créditos, que se aproba inicialmente, a exposición pública por prazo de quince días no Departamento de Intervención do Concello, mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios da Corporación municipal, durante o cal as persoas interesadas poderán examinalo e presentar as reclamacións que consideren oportunas ante o Pleno da Corporación, de conformidade co disposto no artigo 169 e 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, e nos artigos 38.2 e 20.1 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril.

Terceiro.- O presente expediente de modificación de créditos considerarase definitivamente aprobado no caso de que, durante o prazo de exposición pública sinalado, non se presenten reclamacións, de conformidade co establecido na normativa citada no apartado anterior.

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: T55KQ7EFH6NJA65SH23CT4KEX
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 22 a 24



FÓRA DA ORDE DO DÍA

MOCIÓN DE URXENCIA DO GRUPO DO PSdeG-PSOE PARA INSTAR Á XUNTA DE GALICIA A MELLORA DOS RECURSOS HUMANOS E AS INFRAESTRUTURAS DO IES MANUEL GARCÍA BARROS.

Non hai acordo	Motivo: rexeitada a urxencia
-----------------------	-------------------------------------

Vista a moción presentada con data 7 de maio de 2026 (registro de entrada 2026-E-RPLN-3) polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, pola que propón instar á Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional a mellorar os recursos humanos e as infraestruturas do IES Manuel García Barros.

Visto que na dita Moción se xustifica a urxencia para ser tratar fóra da orde do día desta sesión do seguinte xeito: *"Dacordo coas demandas da comunidade educativa do IES Manuel García Barros, especialmente sobre a insuficiencia de persoal, o Grupo Municipal Socialista considera que é urxente un pronunciamento da Corporación do Concello da Estrada a fin de que a Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional resolva canto antes a carestía de profesionais no devandito centro"*.

Debatida a urxencia, sométese a votación, sendo rexeitada polos votos en contra do PP e a favor dos dos grupos do PSdeG-PSOE, BNG e Mixto (MOVETE); ordenándose que a moción sexa tratada de maneira ordinaria na Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade e Educación e, unha vez ditaminada, levarase ao Pleno seguinte.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS DO 1 AO 30 DE ABRIL DE 2026

Dáse conta dos Decretos da Alcaldía ditados do 1 ao 30 de abril de 2026, que van dende o número 2026-0456 ao número 2026-0629 (ambos os dous incluídos).

A Corporación en Pleno queda sabedora.



C) ROGOS E PREGUNTAS

Neste apartado interveñen os voceiros e voceiras dos grupos políticos municipais. Así mesmo, intervén, en cumprimento co establecido no Regulamento de Participación Cidadá, a seguinte persoa asistente no público:

- Dna. Balbina Martínez Ramallal (DNI [REDACTED])

Todas as intervencións quedan recollidas no arquivo audiovisual resultante das gravacións efectuadas, formando parte desta acta.

Levántase a sesión sendo as vinte e dúas horas e vinte e nove minutos do día do seu comezo.

De conformidade co establecido no Decreto 24/2018, do 15 de febreiro, sobre los libros de actas e de resolucións das entidades locais galegas, incorpórase á presente acta o acceso ao arquivo audiovisual resultante da gravacións das intervencións na sesión co enlace, formando parte da mesma:

<https://aestrada-plenos.tiivii.com/gl/2026/05/11/pleno-concello-de-a-estrada-7-de-maio-2026/>

Garántese a autenticidade e integridade do nomeado arquivo audiovisual co certificado correspondente incluído no expediente e que inclúe a marca dixital "hash":

AB54C6F74DD6FAD32422B1F877965F747B26E179D7A09E2F39F6CA82D1D3EB0D

Marca dixital xerada coa aplicación de firma electrónica Autofirma (desenvolvida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas).

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233

ACTA DO PLENO
Número: 2026-0006 Data: 05/06/2026

Cod. Validación: T55KQ7EFH6NJA65SH23CT4KEX
Corrección: <https://aestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 24 a 24

